

# A través do espello

Adrián De Matos Alonso

A padiola detívose. Paula ollou para todos os lados: as paredes brancas, impolutas, presidían aquela habitación chea de persoas enmascaradas. O quirófano, para unha rapaza de escasos dez anos, presentábase terrorífico.

-Tranquila, mociña. Non vai pasar nada –dixo un dos enmascarados.

-Claro que non. Ti conta ata dez e xa está –contestou outro dos presentes, chiscándolle un ollo.

-Ata dez...? Só teño que facer iso...? –preguntou ela, temerosa.

-Só iso, pequecha. Antes de rematar, xa estarás durmindo –respondeu a primeira voz, agarimando cada unha das súas palabras.

-Durmindo?! Que?! Non creo que sexa capaz... Estou demasiado nerviosa...

-A maxia déixanola a nós. Veña, comeza a contar! –instouna unha nova voz, saída dunha enmascarada de pelo longo que danzaba pola habitación.

-Un, dous, tres, catro...

Ao abrir os ollos, Paula encontrouse fóra daquel frío quirófano. Atopábase outra vez na súa habitación de hospital, mentres o sorriso preocupado da súa nai recorría o seu rostro. As paredes volvían estar cubertas de debuxos; as máscaras desapareceran, quizais por non poder saír do seu agocho; e unha interminable vendaxe percorría parte do seu corpo. Estaba abraiada. Que pasara naqueles catro segundos?

A médica entrou na sala, lucindo un brillante colar de perlas na súa boca. As lentes escorríanse polo seu nariz e deixaban ao descuberto a empatía natural das súas pupilas. O seu cabelo, longo e louro, dáballe aínda máis vida a aquel cuarto.

-Que tal estamos, Paula? –preguntoulle con énfase a doutora Ana.

-Ben, penso que ben –Paula tragou saliva antes de lanzar a súa pregunta-. Aínda que teña unha dúbida...

-Son todo oídos –respondeulle a doutora.

-Cando estiven naquela sala, recordo que case nin podía respirar cos nervios. Entón, os enmascarados mandáronme contar ata dez e, antes de chegar a cinco, xa estaba durmindo. Como pode ser posible...?

-Verás, Paula: iso chámase anestesia. No teu caso, ao ser tan nova e tratarse dunha operación cirúrxica, administróuseche unha anestesia local. Os enmascarados, como ti nos chamas, utilizamos neste caso unha vía intravenosa para abrirche as portas do sono. Por ela, administramos uns fármacos e evitamos que ti sufras dor durante a intervención. Máxico, eh?

-Mellor cos coellos e os sombreiros –dixo Paula, sorprendida-. É realmente increíble... Por certo, non sabía que ti eras un deses enmascarados!

-Ese será o noso segredo –murmuroulle a doutora, rindo para si.

A tarde sucedeuse con parsimonia, consumíndose entre familias amarelas e contos de fadas. Paula ergueuse con coidado da cama, tentando non descolocar nada, e dirixiuse rapidamente ao baño. Pronto se encontrou fronte ao espello. Quería ver o seu rostro, pero no cristal non encontrou máis que pensamentos. A idea da anestesia aínda pululaba pola súa cabeza, sen que fora capaz de detela. Parecíalle asombroso. Sen darse conta, Paula agarimou o espello coa punta dos seus dedos.

-Anestesia... Que descubrimento! Non imaxino como serían estas operacións sen ela...

De súpeto, os dedos de neve de Paula convertéronse en noite. O espello raiouse con diamantes invisibles, tornándose o seu rostro nun desnutrído crebacabezas. As bagoas comezaron a deslizarse polas súas meixelas. Sentía como unha dor insupportable recorría o seu corpo. Podía cheirar o sangue que nacía na súa pel.

Paula saíu do baño. A habitación estaba totalmente distinta. As paredes respiraban pobreza. E facía frío, moito frío. Un pequeno cartel custodiaba a estancia. Nel, en letras que, non sabía por que, era capaz de comprender, podía ler: “Hospital do Terceiro”. No seu brazo xa non había ningunha vía. A súa nai choraba, derrubada no solo daquel cuarto.

Ao deitarse na cama, Paula ollou cara ó teito da habitación. As manchas campaban as súas anchas naquel reino de putrefacción. Alí só había dor. Pura dor. E non existía a anestesia.

Paula pechou os ollos e comezou a contar:

-Un, dous, tres, catro...

O sono volveu apoderarse do seu corpo.

Ao espertar, a nena volvía estar na súa habitación de sempre. As paredes eran brancas, a súa nai sorría e un neno deslizábase polas rúas da tele cun monopatín. A súa viaxe rematara. Estivera noutro planeta, desolador. Estivera no Terceiro Mundo. Onde a ciencia, tristemente, aínda non chegara. Paula recostouse con desdén na almofada.

-Anestesia, por favor, chega xa a ese maldito planeta... -sentenciou.